



 XUNTA  
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

## Santiago de Compostela



*Camiño de Fisterra*  
un paseo de  
historia e vida



# Santiago de Compostela

SANTIAGO DE COMPOSTELA FOI E É PUNTO DE ENCONTRO DE NUMEROSAS CULTURAS E POBOS E LUGAR DE INTERCAMBIO DE IDEAS E EXPERIENCIAS. SANTIAGO É UNHA CIDADE FEITA A MEDIDA DO CAMIÑANTE, AS SÚAS RÚAS E PRAZAS FORMAN UN CONXUNTO INIGUALABLE, HARMÓNICO E HOMOXÉNEO, ACENTUADO POLO EMPREGO DUN ÚNICO MATERIAL: O GRANITO. PEDRAS QUE, MODELADAS POLAS DIFERENTES CORRENTES ARTÍSTICAS, CREARON UNHA URBE MONUMENTAL SEN PARANGÓN, QUE FOI DECLARADA CIDADE PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO EN 1985.

CIDADE COSMOPOLITA DENDE A IDADE MEDIA, NON SÓ POLA AFLUENCIA DE PEREGRINOS, CHEGADOS DENDE TODO O ORBE CRISTIÁN, SENÓN TAMÉN POLA SÚA AFAMADA UNIVERSIDADE, QUE CONTA XA CON MÁIS DE CINCO SÉCULOS DE VIDA. SANTIAGO DE COMPOSTELA É, ADEMAIS, A CAPITAL DE GALICIA.

# Imprescindibles

A Facultade de Medicina



B Igrexa e convento de San Francisco



C Igrexa de San Froitoso



D Alameda




E Igrexa de Santa Susana



F Pavillón da Exposición Rexional de 1909



# A ruta



- 1 Rúa de San Francisco
- 2 Costa de San Francisco
- 3 Rúa Carretas
- 4 Rúa das Hortas
- 5 Rúa do Pombal
- 6 Alameda de Santiago
- 7 Praza de Rodrigo de Padrón



# Santiago de Compostela

*Camiño de Fisterra*

SANTIAGO DE COMPOSTELA FOI E É PUNTO DE ENCONTRO DE NUMEROSAS CULTURAS E POBOS E LUGAR DE INTERCAMBIO DE IDEAS E EXPERIENCIAS. SANTIAGO É UNHA CIDADE FEITA A MEDIDA DO CAMIÑANTE, AS SÚAS RÚAS E PRAZAS FORMAN UN CONXUNTO INIGUALABLE, HARMÓNICO E HOMOXÉNEO, ACENTUADO POLO EMPREGO DUN ÚNICO MATERIAL: O GRANITO. PEDRAS QUE, MODELADAS POLAS DIFERENTES CORRENTES ARTÍSTICAS, CREARON UNHA URBE MONUMENTAL SEN PARANGÓN, QUE FOI DECLARADA CIDADE PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO EN 1985.

CIDADE COSMOPOLITA DENDE A IDADE MEDIA, NON SÓ POLA AFLUENCIA DE PEREGRINOS, CHEGADOS DENDE TODO O ORBE CRISTIÁN, SENÓN TAMÉN POLA SÚA AFAMADA UNIVERSIDADE, QUE CONTA XA CON MÁIS DE CINCO SÉCULOS DE VIDA. SANTIAGO DE COMPOSTELA É, ADEMAIS, A CAPITAL DE GALICIA.

Comezamos a nosa ruta saíndo da praza do Obradoiro pola **rúa de San Francisco** <sup>1</sup>, onde hai numerosas tendas de recordos, xa que por aquí entran os miles de visitantes que chegan en autobús á dársena de Xoán XXIII. A *Pastelaría la Perla*, no nº 30, leva décadas dedicándose a adozarlles a vida coas Pedras de Santiago, elaboradas co mellor chocolate e as améndoas máis selectas.

Os estudantes poden cursar en Compostela numerosas carreiras universitarias, pero entre elas, se cadra Medicina é unha das máis prestixiosas e importantes. Non é de estrañar, xa que estes estudos nacen asociados ao antigo Hospital de Peregrinos, convertido hoxe no Parador Nacional dos Reis Católicos. Xusto ao seu carón atópase a Facultade de Medicina, nun clásico e proporcionado edificio de 1910 cuxo fastixio triangular presenta as artes cirúrxicas.

Santiago de Compostela non conserva hoxe en día as súas murallas pero si o nome das antigas portas. Saímos pola Porta de San Francisco e en fronte temos a IGREXA E O CONVENTO homónimo, fundados polo propio Francisco de Asís na súa peregrinación a Compostela a comezos do século XIII. Os franciscanos levan xa máis de 800 anos aquí e a súa presenza segue viva, xa que



**PÁXINA OPOSTA** Rúa de San Francisco  
**ABAIXO** Detalle da Facultade de Medicina



habitan nunha parte do convento. A outra parte convertérona nun hotel monumento de 4 estrelas, unha boa forma de conservar e manter o patrimonio histórico. Como a Orde Franciscana ten unha importante presenza en Xerusalén, deberíamos visitar o pequeno, pero moi curioso, MUSEO DA TERRA SANTA, formado coas pezas e obxectos que moitos irmáns foron recollendo ao longo da historia. Diante do conxunto conventual eríxese un enorme cruceiro, coa imaxe do santo de Asís cos brazos en alto, mirando cara á tumba de Santiago. O seu autor, Francisco Asorey, recibiu o encargo en 1914 para conmemorar o VII centenario da fundación da Orde na cidade..

Continuamos o noso paseo e baixamos pola **costa de San Francisco** ②, entre os muros

**PÁXINA OPOSTA** Rúa das Hortas

**ARRIBA** Igrexa e Convento de San Francisco

**ABAIXO** Rúa Carretas, con san Froitoso al fondo

do convento e da Facultade de Medicina, ata chegar ao nº 33 da **rúa das Carretas** ③. Atópase aquí o Centro Internacional de Acolida ao Peregrino, nun edificio do século XVIII totalmente renovado, onde non só se expide a Compostela o certificado de peregrinación, senón que tamén se ofrecen espazos para o descanso e goce dos peregrinos. A súa pequena e funcional capela garda como tesouro as reliquias de dous santos canonizados polo actual papa Francisco, Xoán XXIII e Amato Ronconi, ambos vencellados





ao mundo xacobeo, xa que o primeiro viaxou como cardeal a Santiago de Compostela en 1954 e o segundo axudaba aos peregrinos no século XIII.

Un pouco máis adiante atopábase a Porta da Trindade que, aínda que hoxe non existe, contemplou durante moito tempo o paso de milleiros de peregrinos que se dirixían cara a este Finis Terrae. Non esquezamos que, ata 1492, estas costas de Galicia eran o límite occidental do mundo entón coñecido e que a curiosidade de moitos peregrinos non se fartaba ata chegaren ao cabo Fisterra. Unha vez alí, nas súas praias, recollían as cunchas de vieira que deviñeron un dos símbolos máis coñecidos da peregrinación a Santiago de Compostela.

A IGREXA DE SAN FRUTUOSO despedía ou recibía, segundo saían ou chegaban, a estes peregrinos que transitaban entre Compostela e Fisterra. O templo presenta unha

esvelta arquitectura barroca que concentra a decoración escultórica na súa parte superior, porque foi deseñada para ser vista dende a praza do Obradoiro. Alí aparecen as catro virtudes cardinais: fortaleza, temperanza, xustiza e prudencia, que foron bautizadas polos universitarios como as catro sotas da baralla española: bastos, ouros, espadas e copas, pola similitude dos seus símbolos.

Os peregrinos saían pola **rúa das Hortas** <sup>4</sup> cara a Fisterra. Coñéceselle con este nome polas hortas, algunhas das cales aínda hoxe se conservan; outras, así a todo, foron reconvertidas en preciosos xardíns. Cabe mencionar, no nº 1, a *Casa Marcelo*, e no nº 16, *A Horta D'Obradoiro*, como dous dos restaurantes que saben perfectamente xuntar o mellor do produto fresco tradicional de Galicia coas novas técnicas e tendencias da cociña moderna. Casa Marcelo, o primeiro restaurante con Estrella Michelin en Santiago de Compostela, foi o primeiro en España en apostar por un concepto innovador na



cociña: un restaurante sen carta, con menú degustación como formato único, xunto coa distribución con cociña aberta á sala.

Dende alí desembocamos na **rúa do Pombal** <sup>5</sup> e subimos ata chegar ao nº 32, onde nos chama a atención un edificio modernista de 1917, na fachada do cal figura o nome e o oficio do seu propietario, «López Pedre Escultor». Foi proxectado polo entón arquitecto municipal López de Rego e a súa fachada está adornada por unhas curiosas e estrañas esculturas que deron pé a numerosos rumores e contos acerca de sociedades secretas.

Dous portais máis arriba, no nº 34, atópase a *Librería Tirana* que no seu interior nos leva a descubrir libros de ocasión, vellos e novos,

antigos e modernos, descatalogados e raros, e ás veces mesmo nos sorprenden con pequenos concertos ou presentacións literarias.

Por este camiño chegamos a unha das entradas da **Alameda de Santiago** <sup>6</sup>, un parque do século XIX que é o verdadeiro pulmón verde da cidade e forma parte da Ruta da Camelia. Resulta un agasallo poder contemplar en época de floración as camelias ou os magnolios, os espectaculares rododendros ou os seus imponentes eucaliptos. Chama a aten-



**PÁXINA OPOSTA, ARRIBA** Edificio modernista na rúa do Pombal

**PÁXINA OPOSTA, ABAIXO** Carballeira de Santa Susana

**ARRIBA** Pabellón da Exposición Regional de 1909

**ABAIXO** Igrexa de Santa Susana







ción a señorial sequoia e a famosa «Perona», que é un abeto do Cáucaso que plantou Evita Perón, alá polos anos 40 do século XX, cando viaxou a España. A súa carballeira, que arrodea o paseo da Ferradura, serviu de mercado de gando ata ben entrado o século XX. As IGREXAS DE SANTA SUSANA E DO PILAR sobresaen como arquitecturas románicas e barrocas, sen esquecernos do modernista PAVILLÓN DA EXPOSICIÓN REXIONAL DE 1909, hoxe convertido en gardería. As vistas do campus sur da universidade e do skyline da cidade vella son inmejorables. Tanto é así que vemos alí sentado, nun dos seus bancos, á escultura en bronce de don Ramón María del Valle-Inclán, un dos máis grandes dramaturgos que deu o país, coa súa fina e aceirada ironía. Moi preto, atopamos á marmórea Rosalía de Castro, a gran figura protagonista do Rexurdimento das Letras Galegas, chea de saudade e melancolía, que semella querer saír do seu soño. Despídenos as coloridas Dúas Mariás, aquelas entrañables irmás que sempre saían de paseo ás dúas en punto e eran cortexadas

polos tunos, convidándonos a regresar ao «mar de pedra» que é Santiago.

O edificio fundado polo arcebispo san Clemente como colexio de pasantes, celebrou xa os seus catro séculos de historia e hoxe en día é a sede do INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO, que anualmente celebra unha prestixiosa gala literaria. Os estudantes deste centro e doutros do mundo escollen aos seus escritores favoritos en linguas galega, española e estranxeiras. É un premio moi valorado polos escritores máis ilustres, xa que son os novos lectores os que dan o seu veredicto. Por aquí xa pasaron entre outros Paul Auster, Mario Vargas Llosa, Javier Marías, Suso de Toro, Carlos Fuentes, Haruki Murakami, Antonio Tabucchi, Vicente Molina Fox, José Saramago, Manolo Rivas, Henning Mankell ou Javier Cercas. A lista é extensa.

Na próxima **praza de Rodrigo de Padrón** **7** ábrese numerosas terrazas, coma flores ao sol. Trátase dun lugar ideal para facer un descanso cunha ben merecida comede-la e despois achegarnos ao n.º 5 da praza a Mimolett, unha tenda boutique con aromas parisienses e marcas internacionais e, sobre todo, roupa para ocasións moi especiais.



**PÁXINA OPOSTA** Xogando coas Dúas Mariás  
**ABAIXO** Instituto Rosalía de Castro

# Moi preto

## O Parque e o convento de Belvís

Dende o MERCADO DE ABASTOS de Santiago de Compostela cruzamos a rúa da Ensinanza, onde atopamos o Colexio da Compañía de María, un convento barroco do século XVIII, fundado polo Arcebispo Raxoi co propósito de destinalo a colexio de señoritas nobres; popularmente coñecido como La Enseñanza, dando nome á rúa. Deseguido, descendemos pola rúa das Trompas, así chamada porque na Idade Media os heraldos do todopoderoso conde de Altamira anunciaban a súa chegada á vila tocando este instrumento, e descubrimos o amplo e espléndido PARQUE DE BELVÍS. Nel as súas hortas urbanas, o seu labirinto de

camelias e os seus privilexiados miradoiros -cuxas pérgolas, cheas de glicínias, florecen no mes de maio-, agasállannos cun dos espectáculos máis fermosos dos parques da cidade.

No alto destacan as imponentes moles do SEMINARIO MENOR e da IGREXA E CONVENTO DE BELVÍS, este último aínda habitado por unha congregación de monxas dominicas de clausura, os doces e as pastas da cal teñen fama mundial. A súa fundación data do século XIV e desta época conserva a imaxe da Virxe do Portal, á quen se encomendan as parturientes..



## A Colexiata de Santa María A Real de Sar e a Cidade da Cultura

Dende a praza de Galicia continuamos pola rúa da Fonte de Santo Antonio e pasamos por diante da propia fonte, á cal as mozas en idade casadeira e sen parella viñan beber para encontrar futuro marido. Xusto en fronte, atopamos Auga e Sal, un restaurante recentemente galardoado con 1 Sol Repsol 2021, onde poderemos probar os seus menús degustación harmonizados cunha extensa proposta de viños.

Seguimos o noso percorrido e á altura do convento das Madres Mercedarias, descendemos polas rúas do Patio das Madres e do Castrón Douro cara ao barrio do Sar. Percorremos á inversa o último treito dun importante camiño de peregrinación, a Vía da Prata.

Ao chegarmos á rúa do Sar entramos nun dos barrios históricos máis importantes da cidade. Se o visitamos entre o 15 e 17 de agosto, durante as súas festas patronais, descubriremos o que é unha verdadeira festa tradicional galega. Neses días celébranse, sucesivamente, as festividades da Virxe María, de San Roque e de Santa Mariña.

**PÁXINA OPOSTA** Convento de Belvís

**ARRIBA** Colexiata de Santa María A Real de Sar



No nº 96 da rúa do Sar recíbenos Hello Cooking, toda unha experiencia gastronómica para gozar, coñecer e experimentar. Na súa librería especializada atopamos todo tipo de literatura e receitas gastronómicas; tamén podemos mercar utensilios e avíos de cociña, e participar dos seus cursos, charlas e xornadas gastronómicas. Os seus bonos ou experiencias gastronómicas son o perfecto agasallo para que os máis torpes no eido culinario deixen de selo. .

Seguimos baixando pola rúa do Sar e, no nº 16, ábrenos as súas portas A Grileira, un obradoiro e tenda de instrumentos populares de Galicia. Xosé Lois Mouriño compaxina a súa faceta de músico coa de luthier..

E así, sen case decatarnos, chegamos ao corazón do barrio do Sar e a un dos monumentos románicos máis importantes de Santiago de Compostela, a COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO SAR. Situada estratéxicamente ao lado da Vía da Prata e ás beiras do río Sar, os frecuentes alagamentos fixeron que o firme da construción fose cedendo e que no século XVIII houbera que apuntalar a estrutura cuns xigantescos arbotantes exteriores. Ao entrar no edificio chámannos poderosamente a atención a esaxerada inclinación dos piares e a sobriedade e esvelteza do templo.



Para deleite dos amantes da máis pura arte románica, conserva unha parte do antigo claustro e as súas dependencias gardan un pequeno museo con valiosas pezas da historia da cidade.

Se queremos continuar con este agradable paseo, cruzando o río Sar, podémonos achegar á CIDADE DA CULTURA, un ambicioso proxecto do arquitecto americano Peter Eisenman que comeza no ano 1999. No monte Gaiás alzáanse os imponentes edificios, de pétreas cubertas onduladas e muros acristalados que albergan, entre outros, o museo, a biblioteca e o arquivo de Galicia, e cuxas arquitecturas non deixarán a ninguén indiferente. Así mesmo, temos a oportunidade de pasear polo Bosque de Galicia, a través dos seus cinco quilómetros de sendas, para ascender ata os espléndidos miradoiros e contemplar as mellores vistas de Compostela.

### **Igrexa e mosteiro do Conxo**

Para chegar ao barrio do Conxo partimos dende a praza de Galicia, onde se atopa a *Galería Sargadelos* (esquina coa rúa Doutor Teixeiro). A visita supón entrar nun espazo expositivo único. Á parte de tenda, é un verdadeiro centro de arte moderna. Nos seus estantes facemos unha viaxe no tempo e volvemos ao século XVIII, cando Sargadelos nace en Cervo (Lugo) como a primeira siderurxia galega. É curioso que, décadas despois, se dedicase a algo tan delicado coma a porcelana por excelencia de Galicia, co seu azul cobalto que é un distintivo e marca de fábrica. Hoxe, ademais de enxoval cun deseño actual, pero inspirado nas fondas raíces

**ARRIBA** Santa María de Conxo

da cultura galega, ampliou as súas creacións artísticas a figuras, xoias, bultos, panos ou fragancias.


Continuamos camiñando pola rúa de Montero Ríos, a praza Roxa, a rúa de Frei Rosendo Salvado, a avenida de Vilagarcía e as rúas de García Prieto e de Sánchez Freire. O barrio do Conxo atópase na saída sur da cidade, que, así mesmo, é entrada dos peregrinos que veñen percorrendo o Camiño Portugués. O Conxo tivo concello propio ata que no ano 1925 quedou anexionado a Santiago de Compostela. As súas festas parroquiais celébranse en setembro e atraen a miles de veciños e turistas, que manifestan a devoción popular pola Nosa Señora da Mercede e por san Serapio. Contan os máis vellos do lugar que, noutrora, cando saía a procesión de san Serapio dende a Catedral de Santiago ata o Conxo, ao pasar pola rúa do Franco, os fieis abandonaban rapidamente a comitiva para entrar nas numerosas tabernas e, nun abrir e pechar de ollos, beber unha refrescante cunca de «viño do Ribeiro»; por iso levaban os petos cheos de pequenas moedas para pagar rapidamente a consumición e non perder moito tempo antes de se incorporar outra vez á procesión. É doado imaxinar como chegaba a imaxe do santo á igrexa de Santa María do Conxo.

A IGREXA E O CONVENTO DE SANTA MARÍA DE CONXO son unha fundación do século XII vencellada a unha dama chamada Rosuida, que, para honrar a memoria do seu amante, asasinado durante a súa peregrinación a Santiago, ergueu unha pequena ermida que máis adiante se convertería en igrexa e mosteiro beneditino. A finais do século XV instalouse aquí a Orde da Mercede. Este conxunto monástico ofrécenos, como as súas máis exquisitas xoias, parte dun claustro románico e unha talla excepcional dun Cristo Crucificado, obra do gran mestre da imaxinería barroca castelá do século XVII, Gregorio Hernández.

# Outras guías relacionadas




RUTA DO CAMIÑO FRANCÉS



RUTA DO CAMIÑO INGLÉS



RUTA DA CATEDRAL



RUTA DO MERCADO



galicia